

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 28 DE FEBREIRO DE 2013.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D. José Angel Rey Seoane
- D^a. Isabel Sesar Otero
- D. Álvaro Fontecoba Vázquez
- D. Gonzalo Concheiro Coello
- D^a. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Antonio Costoya Duro
- D. Jesús Modia Serén
- D. José Luis Rivas Cruz

Secretaria-Interventora:

D.^a Anabel Corral Corral

Na sala de reunións da Casa do Concello de Balmorta, sendo as 20:10 horas do día vinte e oito de febreiro de dous mil trece, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde-presidente D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Anabel Corral Corral.

De seguido o alcalde-presidente abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIORES/

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do día 27/12/2012, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas. Non son formuladas observacións polo que o Pleno municipal por unanimidade con dez votos a favor, seis dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, tres dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro do grupo mixto **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de data 27/12/2012.

Pola Secretaria dase conta do erro material detectado na moción sobre aprobación inicial do expediente de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto, aprobada en sesión plenaria celebrada en data 27/12/2012 en canto á aplicación orzamentaria recollida no cadro das aplicacións orzamentarias en diminución, onde di 9.55600 debe dicir 92.22600.

Sen máis intervencións, sometida a votación a rectificación plantexada, por unanimidade o Pleno municipal **ACORDOU:**

UNICO.- Rectificar o dispositivo terceiro, no cadro de aplicacións orzamentarias en diminución, da moción deste órgano colexiado de data 27/12/2012 nos seguintes termos: donde di: 9.55600 debe dicir “...92.226000

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS Á CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE ANUALIDADE 2013

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSICIÓN APROBACIÓN ORDENANZA PARA OUTORGAMENTO DE AXUDAS Á A CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE ANUALIDADE 2013

Vista a Ordenanza con **BASES REGULADORAS PARA A ANUALIDADE 2013: PARA Á CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE ANUALIDADE 2013.**

Visto que a actual Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aplicable ás Corporacións Locais, establece que a competencia para conceder subvencións nas CCLL corresponde ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local; e que con carácter previo ó outorgamento de subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na Lei; engadindo que as bases reguladoras das subvencións nas CCLL deberán aprobarse no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións, remitindo polo tanto ó establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, e na Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Considerándose a Ordenanza específica instrumento normativo máis axeitado para a súa regulación, e visto o proxectos de regulamentación presentado a esta alcaldía, propónse ó Concello en Pleno aceptar a urxencia desta proposición sen dictaminar para a tramitación deste expediente e a continuación adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de creación de emprego estable da anualidade 2010, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases da convocatoria de axudas municipais á creación de emprego estable que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comencarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

ANEXO:

.....

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unamidade o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Derrogar a ordenanza específica con bases para o outorgamento de subvencións de creación de emprego estable da anualidade 2010, ratificar o contido íntegro do expediente, e na súa consecuencia, aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das Bases da convocatoria de axudas municipais á creación de emprego estable que se transcribe como anexo á presente proposta.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste Concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril

ANEXO

ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO ESTABLE ANUALIDADE 2013

1.- OBXECTO, FINALIDADE E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

É obxecto da presente ordenanza recoller as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2013 das axudas económicas pola creación de postos de traballo estables no ámbito do Concello de Boimorto.

A finalidade deste réxime de axudas é fomentar e promover no Concello de Boimorto a creación de empresas viables, que xeren emprego estable no ámbito local e no medio rural, colaborando así dunha forma activa na loita contra o desemprego.

A xestión desta ordenanza realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello de Boimorto.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

2.- PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as empresas privadas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos ou autónomas e as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

* Crear postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro do 2013 e que sexan ocupados por persoas desempregadas.

Aos efectos deste programa enténdese como data de xeración do posto de traballo aquela na que cause alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Entenderase por persoa desempregada aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social no momento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

* Ter a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Boimorto.

* Estar empadroad/a no termo municipal de Boimorto.

3.- TIPOS DE AXUDA

a) Cada posto de traballo estable creado incentivarase cunha axuda de 300 euros.

b) No suposto de que sexan proxectos empresariais que cumpran os requisitos para poder ter a consideración de iniciativa de emprego e as súas clases, o apoio do Concello de Boimorto para que o proxecto sexa cualificado pola Consellería de Traballo e Benestar, de acordo coa normativa aplicable, será de 400 euros por cada emprego estable creado.

Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo. Cando a dedicación inicial se realice a tempo parcial e se transforme con posterioridade a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que a dita modificación se produza entre o 1 de xaneiro e 30 novembro do 2013.

4.- FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA

1.- As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (Anexo I), presentaranse no rexistro xeral do Concello de Boimorto ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán ir acompañadas do orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada da documentación que se relaciona:

a) Se quen solicita é persoa física DNI e acreditación do número de identificación fiscal, e se é persoa xurídica DNI e poder suficiente da persoa respresentante que actúa en nome da entidade e NIF da empresa.

b) De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.

c) Alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

d) No caso de que se solicite axuda por incorporación indefinida de traballadores: DNI, contrato de traballo e alta na Seguridade Social.

e) Certificado bancario de existencia de conta.

f) Certificado de empadramento no Concello de Boimorto.

g) Documentación acreditativa da obtención de cualificación de iniciativa de emprego pola Consellería de Traballo e Benestar e de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias (estatais e autonómicas), coa Seguridade Social e Concello.

2.- Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exixida, requirirase a persoa ou entidade interesada para que no prazo máximo e improrrogables de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que, se así non o fíxese, se considerará por desistida da súa petición.

3.- O prazo xeral de presentación de solicitudes rematará o 15 de decembro do 2013. Para a presentación das solicitudes de axudas, as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento da Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto.

5.- ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN E PRAZO DE NOTIFICACIÓN

- a) A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver as axudas.
- b) O procedemento resolverase no prazo máximo dun mes a partir da data de entrada da solicitude no Rexistro xeral do concello. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas:

- a) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizarse a proposta de pagamento da subvención.
- b) Manter os postos de traballo estables que fosen obxecto da subvención durante un tempo mínimo de catro anos, salvo cesamento por causas alleas a súa vontade, o que deberá acreditar de maneira que faga fe.
- c) Facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Concello de Boimorto.
- d) Comunicarlle ao órgano concedente, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión das subvención.

7.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas nas presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

8.- FINANCIACIÓN

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 24.47000 “ Programa de axudas á creación de emprego estable” do presuposto municipal ata un total máximo de 3.000 euros para o exercicio 2013.

9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10.- NORMATIVA SUPLETORIA

En todo o non previsto nesta ordenanza, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Boimorto para o ano 2013 e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións, Lei 7/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a ordenanza con bases específicas para o outorgamento destas subvencións publicada no BOP 30/06/2010.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de 10 artigos, unha disposición derogatoria e unha disposición final e foi aprobada polo concello en Pleno na sesión celebrada o día 28/02/2013.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AXUDAS PARA PROMOCIÓN DE EMPREGO ESTABLE NO 2013 CONCELLO DE BOIMORTO

I.- DATOS DO SOLICITANTE

Denominación: <input type="checkbox"/>	CIF:
Teléfono/s de contacto: <input type="checkbox"/>	
Nome e apelidos do representante (DNI):	
Teléfono:	

II.- TIPO DE AXUDA SOLICITADA (segundo artigo 3 da Ordenanza)

III.- RELACIÓN DE DOCUMENTACIÓN ADXUNTA (marcar cunha X)

- a) Se quen solicita é persoa física: DNI e acreditación do número de identificación fiscal, e se é persoa xurídica: DNI e poder suficiente da persoa representante que actúa en nome da entidade e NIF da empresa.
- b) De tratarse de persoa xurídica, escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou no Rexistro de Cooperativas.
- c) Alta no imposto de actividades económicas ou no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda.
- d) No caso de que se solicite axuda por incorporación indefinida de traballadores: DNI, contrato de traballo e alta na Seguridade Social.
- e) Certificado bancario de existencia de conta.
- f) Certificado de empadramento no Concello de Boimorto.
- g) Documentación acreditativa da obtención de cualificación de iniciativa de emprego pola Consellería de Traballo e Benestar e de se encontraren ao día das súas obrigas tributarias (estatais e autonómicas), coa Seguridade Social e co Concello.

DECLARACIÓNS REALIZADAS POLO SOLICITANTE

D/D^a _____ con DNI _____ (NO SEU CASO) como respresentante da entidade _____ con DNI _____ ou CIF _____

DECLARA:

.- Que estou o corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

.- Que non estou incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

.- Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para o tipo de actividade para o que se solicita, procedente de calquera administración ou ente público ou privado son as seguintes:

Entidade concedente	Cantidade solicitada	Cantidade concedida

NINGUNHA OUTRA AXUDA (marcar este recadro en caso afirmativo)

_____, o _____ de _____ de 2013

Sinatura:

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DO CONCELLO DE BOIMORTO

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación do Regulamento de funcionamento do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto.

Realizada a tramitación legalmente establecida e logo de ver o informe de secretaría intervención de data 21 febreiro de 2013, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMERO. Aprobar a modificación do Regulamento de funcionamento do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto, co texto que figura no expediente.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto, 21 de febreiro de 2013

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>>

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unanimidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMERO. Aprobar a modificación do Regulamento de funcionamento do albergue de peregrinos do Concello de Boimorto, co texto que figura no expediente.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederáse á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE DÍA E MINIRESIDENCIA DO CONCELLO DE BOIMORTO

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación do Regulamento de funcionamento do Centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto.

Realizada a tramitación legalmente establecida e logo de ver o informe de secretaría intervención de data 21 febreiro de 2013, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMERO. Aprobar a modificación do Regulamento de funcionamento do Centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto, co texto que figura no expediente.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto a 21 de febreiro de 2013

Asdo.- José Ignacio Portos Vázquez>>

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

Sen abrir debate pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por unamidade o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMERO. Aprobar a modificación do Regulamento de funcionamento do Centro de día e miniresidencia do Concello de Boimorto, co texto que figura no expediente.

SEGUNDO.- Continua-la tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA CORTA FORESTAL E DA TAXA POR DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA DE CORTA

Pola Secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSICIÓN DERROGACIÓN E APROBACIÓN DE NOVA ORDENANZA FISCAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA.

Logo de ver o expediente tramitado para derogación e aprobación de nova ordenanza fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira.

Realizada a tramitación legalmente establecida e logo de ver o informe de secretaria intervención de data 21 de febreiro de 2013, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- O proxecto de derogación da ordenanza nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa por depósito de carga e transporte de madeira de corta e nova aprobación da ordenanza fiscal nº 20 para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, conforme coas necesidades económicas do Concello e como está redactada no anexo que acompaña a este acordo.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, a derogación e aprobación de nova Ordenanza fiscal nº 20 reguladora para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira.

TERCEIRO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, para que poidan presentar as reclamacións e sugerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra este acordo de aprobación da ordenanza fiscal nº 20, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, Rdlex 2/2004.

ANEXO

.....

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, sendo ratificada por unanimidade.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Rivas Cruz, quen unha vez concedido, pregunta o Alcalde se se vai facer cumprir a ordenanza.

Intervén o Alcalde para contestar que sí, que o que non pode ser e que sexan os veciños os que estean costeando os desperfectos que se produzan nas labores de carga da madeira.

Rematado o debate, pola presidencia sométese a votación o asunto co resultado de que, en votación ordinaria por 6 votos a favor (5 do grupo municipal PSdG-PSOE e 1 do grupo mixto), e 5 abstencións do grupo municipal do PP, o Pleno municipal **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- O proxecto de derogación da ordenanza nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa por depósito de carga e transporte de madeira de corta e nova aprobación da ordenanza fiscal nº 20 para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, conforme coas necesidades económicas do Concello e como está redactada no anexo que acompaña a este acordo.

SEGUNDO.- Aprobar provisionalmente, segundo dispón o artigo 17.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais Rdlex 2/2004, a derogación e aprobación de nova Ordenanza fiscal nº 20 reguladora para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira.

TERCEIRO.- Expoñer o expediente a información pública e audiencia aos interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, por un prazo de 30 días, para que poidan presentar as reclamacións e sugerencias que estimen oportunas, que de producirse deberán ser resoltas pola Corporación.

CUARTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra este acordo de aprobación da ordenanza fiscal nº 20, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón

provisional sen necesidade de acordo plenario, de conformidade eco disposto no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, RDlex 2/2004.

ANEXO

ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓN DE SACA DE MADEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza ten como finalidade primordial a de velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos, como consecuencia das operacións de saca de madeira, comprendéndose dentro desta tanto as operacións preparatorias da corta da madeira como as posteriores.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para elo é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados, xa que son por todos coñecidos os importantes danos e desperfectos que ás veces ocasionan estas actividades nos nosos camiños.

Trátase, en definitiva, con esta ordenanza, de facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial.

Artigo 1. Obxecto e fundamento

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais fronte os danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira que se produzan dentro do termo municipal de Boimorto.

2.- A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1.- Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2.- Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- as talas puntuais de exemplares de árbores illadas
 - as podas e refaldes en plantacións forestais
 - o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
 - os traballos de desbroce e limpeza de predios
 - as talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

-

Artigo 3. Comunicación previa

1.- Para garantir a conservación dos camiños e vías públicas municipais con motivo da execución de operacións de saca de madeira dentro do termo municipal de Boimorto, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, un escrito de comunicación previa, conforme ao modelo contemplado no Anexo desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou

autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar montes ou terreos forestais.

2.- O escrito de comunicación previa deberá estar asinado polo madeireiro, e nel deberán constar os seguintes datos:

- Datos de identificación do madeireiro e do propietario forestal:

- Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.

- Persoa xurídica: razón social, NIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa.

- Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira.

- Identificación da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa.

- Especie de madeira obxecto da corta.

- Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

- Modelo, matrícula e peso máximo autorizado dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións a desenvolver.

- Lugares previstos para depósito da madeira á espera da súa carga.

- Camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira.

3.- Xunto co escrito de comunicación previa, deberase aportar a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do NIF do madeireiro.

- No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

- Ficha catastral dos montes e/ou parcelas afectados/as.
- Plano indicativo dos camiños e vías a empregar nas operacións de saca de madeira.
- Plano indicativo das zonas elixidas para depósito da madeira.

4.- Poderase facer unha comunicación previa para varios montes e/ou parcelas cando os traballos vaian a realizarse simultaneamente. Neste caso deberán constar na comunicación os seus datos identificativos (conforme ao establecido nos apartados anteriores deste artigo e no Anexo), incorporando a correspondente ficha catastral.

5.- No caso de que se incumpra a obriga de comunicación previa establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do seguinte artigo.

6.- Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a documentación sinalada nos apartados 2º e 3º deste artigo, e previamente ao inicio dos traballos de saca de madeira, os servizos técnicos municipais comprobarán o estado físico dos camiños e vías que vaian ser utilizados, obtendo as fotografías que sexan pertinentes para acreditar a súa realidade física.

7.- O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

Artigo 4. Obrigas

1.- Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:

- Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.

- Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

- Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.

- Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.

- Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestructuras, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.

- Constituír a garantía a prol do Concello, conforme ao establecido no artigo 5.

2.- En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas no apartado anterior, o Concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poda exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.

3.- O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nos artigos 7 a 11 da mesma.

Artigo 5. Garantía

1.- Para responder das obrigas establecidas nesta ordenanza, o madeireiro deberá depositar garantía a prol do Concello, en calquera das formas establecidas no Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

2.- Os servizos técnicos municipais, á vista do escrito de comunicación previa e da documentación sinalada no artigo 3.3, emitirán un informe, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao da súa presentación, onde concretarán o importe da garantía en

función das características das operacións a realizar. Para a súa fixación, teranse en conta, entre outras circunstancias, o peso da madeira que se vai extraer, o peso dos vehículos e/ou maquinaria que se vai utilizar e o estado do vial afectado.

3.- O madeireiro deberá depositar a garantía no Concello, no prazo de cinco días hábiles a contar dende a recepción do informe no quede fixada a súa contía, e en todo caso, con anterioridade á data prevista para comezar os traballos de saca de madeira.

4.- No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do artigo 4 desta ordenanza.

5.- Unha vez rematados os traballos de saca de madeira, os servizos técnicos municipais deberán emitir un informe, no prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte ao previsto como data de remate no escrito de comunicación previa, no que se deixe constancia do cumprimento ou incumprimento das obrigas das que a garantía debe responder.

6.- En caso de cumprimento, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais, no que quede reflexado que non se causaron danos nin desperfectos nas vías e infraestructuras públicas municipais, e de que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos.

7.- En caso de incumprimento, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 2º e 3º do artigo 4 desta ordenanza.

Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, si este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, previo informe favorable dos servizos técnicos municipais.

Transcorrido ese prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

8.- Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

9.- O disposto no apartado 7º deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento desta ordenanza.

Artigo 6. Prohibicións

O madeireiro encargado de realizar as operacións de saca da madeira deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.

- Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscabar as infraestructuras anexas aos viais, nin supoñer un risco para os usuarios da vía.

- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra.

Artigo 7. Infraccións

1.- Constitúen infraccións a esta ordenanza as accións ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados 2º, 3º e 4º deste artigo.

2.- Son infraccións moi graves:

- a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

- b) Non presentar o escrito de comunicación a que se refire o artigo 3.2 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

- c) Non achegar a documentación sinalada no artigo 3.3 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

d) Non realizar os traballos necesarios para que as infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

e) Ocultar ou falsear calquera dos datos a que se refire o artigo 3.2 desta ordenanza.

f) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 3.3 desta ordenanza.

g) Realizar os traballos de saca de madeira usando infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais respecto dos cales se tivese denegado por parte do Concello a súa utilización, de conformidade co disposto no artigo 3.7.

h) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade vial, segundo o informe municipal que se emita.

i) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa.

3. Son infraccións graves:

a) Non presentar o escrito de comunicación previa (aínda que se achegue despois de ser requirido polo Concello).

b) Deixar as vías municipais en deficiente estado, segundo o informe municipal que se emita.

c) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nos terreos.

d) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves, que sexan firmes na vía administrativa.

3.- Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas e/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, e que non estea cualificada como moi grave ou grave.

4.- Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos, a capacidade

económica do infractor e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios das mesmas.

Artigo 8. Responsables

1.- Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros.

2.- Os propietarios dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos madeireiros, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 9. Sancións

1.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

– Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros.

– Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 euros e 1.000,00 euros.

– Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 euros e 3.000,00 euros.

2.- Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada.

3.- A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houbese lugar.

Artigo 10. Órganos competentes

1.- Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o alcalde ou concelleiro en quen delegue.

2.- A función instructora exercerase pola autoridade ou funcionario que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer en quen tivera competencia para resolver o mesmo.

3.- Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador a Xunta de Goberno Local.

Artigo 11. Procedemento sancionador

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nos artigos 127 a 138 da LRX-PAC e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se regula o procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a ordenanza fiscal nº 20 reguladora da corta forestal e da taxa por depósito de carga e transporte de madeira de corta publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia nº 197 do 15/10/2010.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Habilítase á Alcaldía para dictar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda.- En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal

ANEXO
COMUNICACIÓN PREVIA
DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO MADEIREIRO

VEHÍCULO/ MAQUINARIA	MODELO	MATRÍCULA	PMA

DOCUMENTACIÓN QUE SE AXUNTA:

A

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO MONTE OU PARCELA AFECTADO

VEHÍCULO/ MAQUINARIA	MODELO	MATRÍCULA	PMA

Boimorto, de de
Asdo:

A/A ALCALDE DO CONCELLO DE BOIMORTO

**6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN CONVENIO PARA O
MANTEMENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Pola Secretaría dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

<<PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN CONVENIO PARA O MANTEMENTO EN COMÚN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

